



CONVENIO DE COLABORACIÓN DO CONCELLO DE NARÓN COA ENTIDADE “ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO”

Narón, 28 de decembro de 2023

REUNIDOS

Dunha parte: Dona Marián Ferreiro Díaz, que actúa en nome e representación do Concello de Narón, con CIF: P-1505500-G e enderezo en Praza de Galicia s/n Narón, na súa condición de Alcaldesa-Presidenta do mesmo.

E doutra parte: Manuel Luis Aguilar López, con DNI 15922727B, que actúa en representación da entidade “Asociación Española contra o Cancro”, con CIF nº G-28197564, en virtude da súa condición Presidente da Xunta Provincial da Asociación Española contra o Cancro, conveñen en asinar un convenio de colaboración entre ambas entidades, de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

CAPÍTULO 1. Fundamento

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, o Concello manifesta o seu compromiso de promover no seu municipio o desenvolvemento social e da saúde por medio do convenio de colaboración coa “Asociación Española contra o Cancro”.

CAPÍTULO 2. Obxecto e descrición

O obxecto deste convenio é regular o marco de cooperación entre o Concello de Narón e a “Asociación Española contra o Cancro” para o desenvolvemento dos obradoiros ocupacionais como subprograma propio dentro “Programa de atención integral ao enfermo de cancro”.

En concreto as actividades obxecto do programa son:

- Obradoiro de piscina: dirixido a mulleres diagnosticadas de cancro de mama, o obxectivo principal desta actividade é a prevención do Linfedema, consecuencia principal que estas mulleres teñen despois da intervención cirúrxica.
- Obradoiro de fatiga oncolóxica: dirixido a todos os afectados de cancro, trátase de potenciar e facilitar o exercicio físico ao paciente durante e despois dos tratamentos. O monitor especializado en educación física mostra aos participantes a importancia do exercicio para o seu estado de saúde. Un exercicio axeitado pode mellorar a nosa percepción de saúde.
- Obradoiros de pilates, marcha nórdica, etc..
- Outros obradoiros

O 50% das prazas dispoñibles serán preferentemente para usuarios residentes no Concello de Narón.

As actividades comprendidas neste convenio desenvolveranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.

CAPÍTULO 3. Compromiso económico, obrigas e sistema de pago

O Concello de Narón fará á entidade “Asociación Española contra o Cancro” unha achega económica de 2.000€ (dous mil euros) á sinatura do convenio, con carácter de anticipo prepagable a xustificar e con cargo á aplicación orzamentaria 3110/48000, que se abonará nun único pago, unha vez aprobado por Resolución de Alcaldía este convenio e despois da súa sinatura.

Segundo o establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, “Procedemento de aprobación do gasto e pago” poderanse realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, establecendo dito artigo que esta posibilidade haberá de establecerse expresamente nas bases reguladoras da subvención. De acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, establécese expresamente o pago anticipado.

O artigo 88.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece que con carácter xeral se realizarán pagos anticipados nos supostos de subvencións destinadas a financiar os proxectos e programas de acción social que se concedan a entidades sen fins lucrativos sempre que non dispoñan de recursos suficientes para financiar transitoriamente a execución da actividade subvencionada. Neste caso, non se podería levar a cabo a programación de non facerse este pago anticipado.

O artigo 42.2.b) do Real Decreto 887/2006 dispón que quedan exonerados da constitución da garantía os beneficiarios de subvencións concedidas por importe inferior a 3.000 euros.

O artigo 22 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións, establece que a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social será mediante a presentación das correspondentes certificacións administrativas positivas, expedidas polos órganos competentes. O artigo 24.4 da mesma norma permite a substitución das certificacións anteriores por unha declaración responsable, naquelas nas que a cuantía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. Neste caso, as declaracións responsables substitúen a presentación das certificacións indicadas por tratarse dun convenio cun importe inferior a 3.000 euros.

Neste caso, as declaracións responsables substitúen a presentación das certificacións indicadas por tratarse dun convenio no que a cuantía non supera os 3.000 euros.

Para dar cumprimento ao establecido no artigo 75 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, ao establecido no artigo 10.1.10 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións do Concello de Narón, e á instrución da Intervención Municipal de data 18 de maio de 2023 na que se establece a porcentaxe de xustificantes de gastos a comprobar para o ano 2023, o órgano instrutor comprobará o 50% dos xustificantes de gasto dos/as beneficiarios/as aplicando a mostraxe aleatorio simple, deixando constancia no expediente, mediante informe, do seu resultado.

CAPÍTULO 4. Gastos subvencionables

Serán subvencionables os gastos derivados do desenvolvemento da actividade especificada no proxecto presentado, ata un máximo de 2000 euros, que se realicen entre o 01.01.2023 e o 31.12.2023.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, se realicen no prazo establecido, dentro dos que se inclúen a contratación do persoal necesario e o pago dos seus salarios (incluída a seguridade social), os seguros necesarios para a cobertura da realización das actividades, gastos de xestión, comunicación, publicidade, e outros gastos relacionados directamente coas actividades conveniadas.

Enténdese para estes efectos como gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio, e que se realizou no prazo establecido para o desenvolvemento do mesmo.

Non serán gastos subvencionables os seguintes:

- Os gastos de adquisición de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde, así como os alimentos e bebidas, agás os produtos típicos de celebracións tradicionais gastronómicas e festexos populares.
- Os gastos establecidos no art. 31.7 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

CAPÍTULO 5. Obrigas

Son obrigas da asociación:

1º.- Acreditar antes da aprobación do convenio de colaboración a seguinte documentación:

- Memoria das actividades a desenvolver, incluído un presuposto estimativo de gastos e ingresos.
- Declaración responsable do/a presidente/a de estar legalmente constituída e inscrita no rexistro municipal de entidades cidadás do Concello de Narón, cos datos actualizados no momento de presentar a solicitude (Anexo A1).
- Declaración responsable do/a presidente/a sinalando se a entidade ten solicitada ou concedida doutro organismo algunha subvención ou axuda para a realización dos mesmos programas e actividades (Anexo A2 e Anexo A13).
- Declaración responsable do/a presidente/a de non concorrencia con outras axudas municipais para a mesma finalidade (Anexo A8).
- Declaración responsable do/a presidente/a de que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e concello), así como fronte á Seguridade Social (Anexo A3).
- Declaración responsable do/a presidente/a de non estar incurso, tanto o asinante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para obter a condición de beneficiario previstas no art. 13 da Lei 38/2003 (Anexo A4).
- Modelo T-TES-01 de datos bancarios, sempre que non consten neste Concello ou fosen modificados, ou documento municipal que o substitúa (Anexo A7).

- Declaración responsable do/a presidente/a de non ter obrigas pendentes de pago por reintegro subvencións (Anexo A5).
- Declaración responsable do/a presidente/a de que a entidade cumpre coa normativa vixente en materia de plan de autoprotección, de ser o caso (Anexo A14).
- Declaración responsable do/a Presidente/a de que os usuarios/as das actividades obxecto desta axuda están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias (Anexo A6)
- De ser o caso, declaración responsable de contar coa CERTIFICACIÓN NEGATIVA do Rexistro central de delinquentes sexuais de todo o persoal contratado e voluntario que desenvolva accións con menores, dentro do marco deste convenio, en virtude do disposto na Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de Voluntariado (Anexo 12).

2º.- Realizar os programas e actividades obxecto deste convenio.

3º.- Tendo en conta o que se establece no artigo 10.1 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións do Concello de Narón o importe a xustificar será o total do proxecto ou acción subvencionada. No caso de que a xustificación presentada non alcance o 100 por cento do proxecto adxudicado, a subvención reducirase proporcionalmente.

4º.- Presentar a seguinte documentación para **a xustificación do convenio**, con data límite do 30 de xaneiro do ano seguinte ao do período conveniado, segundo o artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón, establecéndose a conta xustificativa simplificada:

- a) Memoria técnica da actividade realizada.
 - Actividades ou programas desenvolvidos, con expresión do calendario e lugar de execución.
 - Obxectivos ou resultados acadados, características, estrutura e metodoloxía da actuación ou programa.
 - Número de beneficiarios desagregados por sexo.
 - Declaración de recursos humanos relacionados coa actividade ou programa: profesionais asalariados, voluntariado, etc.
 - Recursos materiais: descrición de instalacións e equipamento.
 - Orzamento de execución detallado con expresión do custo dos recursos humanos e materiais.
- b) Certificación expedida polo/a secretario/a da entidade de execución das actividades obxecto do convenio no período establecido (ANEXO A10).
- c) Declaración responsable do/a Presidente/a de concorrencia ou non concorrencia con outras axudas, convenios, etc.. municipais, para a mesma finalidade (Anexo A8).
- d) Relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do emisor e do documento, importe, data de emisión e data de pago (ANEXO A9).
- e) Declaración responsable do/a Presidente/a de que os usuarios/as das actividades obxecto desta axuda están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias (Anexo A6).

- f) Declaración responsable do/a presidente/a de que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e concello), así como fronte á Seguridade Social (Anexo A3).
- g) Declaración responsable do/a Presidente/a sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración Pública, de particulares ou de entidades privadas (Anexo A13).
- h) Declaración responsable do/a Presidente/a de non estar incurso, tanto o declarante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvención da Administración públicas previstas no art. 13 da Lei 38/2003 (Anexo A4).
- i) Declaración responsable do/a presidente/a de non ter obrigas pendentes de pago por reintegro subvencións (Anexo A5).
- j) Publicitar en galego a subvención recibida seguindo as seguintes normas:
 - No local da entidade deberá figurar na entrada ou recepción unha placa ou cartel, visible, indicando a colaboración do Concello de Narón coa expresión do escudo do concello e a lenda “Entidade cofinanciada polo Concello de Narón no ano 2023”, segundo o modelo do Anexo A11.
 - No caso de campañas informativas, documentación propia de cada actividade, publicidade web, etc., a entidade deberá de utilizar o mesmo modelo do Anexo A11.
 - A xustificación do cumprimento da publicidade farase mediante fotografía de primeiro plano e fotografía contextual da placa ou cartel na entrada da entidade, exemplares da propaganda impresa, e enlace web onde estea inserida a publicidade.

Atendendo ao art. 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as declaracións responsables correspondentes aos anexos A3, A4, A5, A6 e A14 non será necesario presentalas na xustificación (sempre que se manteña o cumprimento das obrigas ás que fan referencia) porque xa foron achegadas no seu momento para a firma do convenio, e o mencionado artigo establece que as declaracións responsables son válidas durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio deste convenio. No caso de producirse algún cambio, este deberá ser comunicado debidamente ao Concello de Narón.

5º.- Outras obrigas:

- Someterse ás actuacións de comprobación e control previstas no parágrafo d) do apartado 1 do artigo 15 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Remitir os informes, certificados e demais documentos que reclame o Concello, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- O período de execución comprenderá do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano da sinatura do convenio, con independencia da data na que se aprobe o convenio e se faga efectivo o pago.

CAPÍTULO 6. Vixencia, revisión e resolución

- **Vixencia.** O presente convenio supón a anulación de calquera convenio de data anterior e terá vixencia dende 01/01/2023 ata o 31/12/2023 referíndose a todas as actividades realizadas dende o comezo da vixencia, contidas no texto do documento.

- **Revisión, causas e contidos.** O convenio poderá revisarse cando as circunstancias, finalidade ou obxecto para o que fose concibido variase substancialmente.
- **Resolución.** Nos casos puntuais contemplados na normativa vixente, e cando non se estea a cumprir o obxecto do convenio, interpretado discrecionalmente polo concello de Narón de acordo cos criterios fixados na normativa legal aplicable.

As causas de invalidez da resolución de concesión, reintegro, e procedemento, así como as infraccións e sancións son as establecidas na normativa reguladora de aplicación:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións do Concello de Narón.

Serán causas de resolución da concesión da subvención as contempladas no art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no art. 36 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no art. 32 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Serán causas de anulabilidade da resolución de concesión as demais infraccións do ordenamento xurídico e, en especial, das regras contidas na normativa legal reguladora das subvencións.

A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación, a renuncia da beneficiaria, e nos demais supostos de incumprimento por parte da beneficiaria, levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.

O artigo 30.8 da Lei xeral de subvencións establece que a xustificación insuficiente da subvención levará parello o reintegro nas condicións previstas no artigo 37 da dita lei. Segundo o artigo 37.1.c) da dita norma legal, no caso de xustificación insuficiente procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

As entidades poderán realizar un reintegro voluntario ou unha devolución voluntaria dos fondos públicos recibidos, sen que exista un requirimento previo da Administración, tal como establece o art. 90 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei de Subvencións

Deste xeito, cando unha entidade decida voluntariamente efectuar o reintegro total ou parcial da subvención que lle foi concedida polo Concello (por manifestar renuncia á subvención, presentar conta xustificada por importe inferior á subvención, etc.), poderá realizar o ingreso, mediante transferencia bancaria á conta ES15 2080 0235 9131 1000 0017, indicando no concepto da transferencia "Reintegro subvención ano 2023".

CAPÍTULO 7. Réxime de compatibilidades

A subvención concedida a través deste convenio será compatible con outras subvencións, axudas ou ingresos coa mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente doutras achegas fora dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

A subvención concedida a través deste convenio será incompatible coa concesión doutra subvención/convenio para o mesmo proxecto, procedente desta ou doutra área ou Concellería do Concello de Narón.

CAPÍTULO 8. Natureza xurídica

O presente convenio ten natureza administrativa, subscribíndose no ámbito de aplicación de:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- R.D.L. 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común de administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións do concello de Narón.
- Bases de execución do orzamento do exercicio 2023.

A subscrición do presente convenio non ten carácter contractual e non implicará relación contractual algunha entre o Concello de Narón e as persoas que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do convenio.

O Concello de Narón será titular dos resultados obtidos no desenvolvemento deste programa.

Serán competentes para coñecer de cantos litixios puideran xurdir entre as partes, como consecuencia do presente convenio, os Xulgados do Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativo de Ferrol.

Para aqueles aspectos non previstos neste convenio será de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; no R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; na Ordenanza Xeral de Subvencións do concello de Narón; e nas Bases de execución do rozamento do exercicio 2023.



Para que fique constancia de todo o acordado, asíñase este documento por duplicado e a un só efecto,

Polo Concello de Narón

Pola entidade “Asociación Española contra o Cancro”

A Alcaldesa
Marián Ferreiro Díaz

Presidente da Xunta Provincial
Manuel Luis Aguilar López



Anexo documental :

ANEXO A1

D/Dña con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
..... con CIF: e enderezo
.....
.....

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade está legalmente constituída e inscrita no rexistro municipal de entidades cidadás do Concello de Narón, cos datos actualizados no momento de presentar a solicitude.

Que, de acordo co art. 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda / subvención / convenio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a _____ de _____ de 2. _____

Asdo.: _____



ANEXO A2

D/Dna con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
..... con CIF:
..... e enderezo
.....

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

☐ Que a entidade NON SOLICITOU/OBTIVO outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento do obxecto deste convenio.

☐ Que a entidade SOLICITOU/OBTIVO outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento do obxecto deste convenio.

Relación de axudas, subvencións, ingresos obtidos.

DATA DA SOLICITUDE	CONCEPTO	ORGANISMO	IMPORTE

Que, para o financiamento do/a convenio/subvención, a entidade achega os seguintes fondos propios:

CONCEPTO	IMPORTE
Fondos propios	

_____, a _____ de _____ de 2. _____

Asdo.: _____



ANEXO A3

D/Dña con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
..... con CIF: e enderezo
.....
.....

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade está ao corrente coas obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e concello), e coa Seguridade Social.

Que, de acordo co art. 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda / subvención / convenio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a _____ de _____ de 2. _____

Asdo.: _____



ANEXO A4

D/Dña con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
.....con CIF: e enderezo
.....
.....

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade e o declarante non están incursos nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarios ou percibir subvencións da Administración pública, previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Que, de acordo co art. 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda / subvención / convenio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a _____ de _____ de 2._____

Asdo.: _____



ANEXO A5

D/Dña con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
..... con CIF: e enderezo
.....
.....

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade non é debedora de obrigas por reintegro de subvencións.

Que, de acordo co art. 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda / subvención / convenio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a _____ de _____ de 2._____

Asdo.: _____



ANEXO A6

D/Dna con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
..... con CIF: e enderezo
.....
.....

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que os usuarios/as das actividades obxecto desta subvención /convenio **ESTÁN CUBERTOS** por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias, que dispoño da documentación que así o acredita e que me comprometo a manter o seu cumprimento durante o exercicio das actividades.

Que, de acordo co art. 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda / subvención / convenio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a _____ de _____ de 2._____

Asdo.: _____



ANEXO A7

Modelo T-TES-01 de datos bancarios. Descargar directamente da sede electrónica do Concello de Narón



ANEXO A8

D/Dña con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
..... con CIF: e enderezo
.....
.....

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- ☐ Que NON EXISTE concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto deste convenio.
- ☐ Que EXISTE concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto deste convenio.

Relación de axudas:

AREA	IMPORTE	ESTADO (1)

_____, a ____ de _____ de 2. ____

Asdo.: _____

(1) Solicitada/Ingresada/Pendente



ANEXO A9

Relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do emisor e do documento, importe, data de emisión e data de pago:

Entidade:
Ano:
Actividade conveniada:

Nº	Fra. Nº	Titular da fra.	Concepto gasto	Importe total fra.	Importe da factura destinado ao proxecto	Importe imputado ao convenio	Data de emisión	Data de pago	Forma de pago ¹
1				€	€	€			
2									
3									
4									
5									
6									
7									
8									
9									
10									
11									
12									
13									
14									
15									
16									
17									
18									
19									

¹ T=Transferencia, M=Metálico, C=Talón/Cheque



CONCELLO DE NARÓN

20									
21									
22									
23									
24									
25									
26									
27									
28									
29									
30									
31									
32									
33									
34									
35									
36									
37									
38									
39									
40									
41									
42									
43									
44									
45									
46									
47									
48									
49									
50									
Total									



ANEXO A10

D/Dna con DNI:
....., en calidade de Secretario/a da entidade
.....
..... con CIF: e
endereço

CERTIFICA:

Que as actividades incluídas na axuda / subvención / convenio foron executadas no período establecido.

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente en _____, a _____ de
_____ de 2. _____

Asdo.: _____

ANEXO A11



ENTIDADE COFINANCIADA POLO CONCELLO DE NARÓN NO ANO 2_____



ANEXO A12

D/Dña con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
..... con CIF: e enderezo
.....
.....

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que o persoal voluntario e/o contratado, de ser o caso, que desenvolve accións con menores, conta coa “certificación negativa” do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, en virtude da Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, e da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado.

Que, de acordo co art. 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda / subvención / convenio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a _____ de _____ de 2._____

Asdo.: _____



ANEXO 14

D/Dña con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
..... con CIF: e enderezo
.....
.....

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que o local da entidade que represento no que se desenvolven as actividades obxecto desta axuda / subvención / convenio CUMPRE coa normativa vixente en materia de plans de autoprotección.

Que, de acordo co art. 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda / subvención / convenio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a _____ de _____ de 2._____

Asdo.: _____